



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



**IES PAZO DA MERCÉ**

Ramal 3, Tortoreos  
36449 - AS NEVES  
Tlf: 886 110 110  
ies.pazo.merce@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce>



Organización  
das Nacións Unidas  
para a Educación,  
a Ciencia e a Cultura



Membro de  
Escolas  
Asociadas  
á UNESCO




UNIÓN EUROPEA

# PROGRAMACIÓN XERAL ANUAL (PXA)

## IES PAZO DA MERCÉ

### AS NEVES

### CURSO 2020/2021



## ÍNDICE

### CAPÍTULO I.

- **OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS**
- **RECURSOS**
- **HORARIO XERAL DO CENTRO**
- **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS**

### CAPÍTULO II. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

### CAPÍTULO III.

- **PLAN ANUAL DE LECTURA**
- **PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**
- **ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA**
- **PROGRAMA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**



## CAPÍTULO I. PLAN ANUAL

O PLAN ANUAL foi informado no Claustro o día 13/11/2020 e no Consello Escolar o día 10/11/2020.

Preséntanse, a xeito de ideas-forza, os grandes eixes ou obxectivos e cadansúa medida relacionada:

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS E MEDIDAS

Este curso os nosos obxectivos vense limitados físicamente polas restricións derivadas da pandemia polo Covid-19 que estamos a vivir.


OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	MEDIDAS
O.1 Posibilitar ao alumnado a adquisición dos coñecementos e competencias necesarios para a súa formación educativa e laboral.	M.1 Dotar o alumnado dunha educación acaída desde a perspectiva cultural e formativa, que sexa a base precisa para proseguir estudos, poder inserirse laboralmente e exercer os seus dereitos e deberes na súa dimensión social. Avanzar na divulgación da nosa oferta educativa. Este ano iniciamos unha nova andadura coa implantación do ciclo superior de Desenvolvemento de Aplicacións Web que abre un pouco máis as portas ó mundo laboral ao noso alumnado.
O.2 Defender e promover a nosa lingua e cultura.	M.2 Potenciar o uso da nosa lingua e a súa estima. Velar polo seu emprego como lingua de comunicación institucional do centro, tanto interna como externamente. Apoiar o EDLG nas súas propostas de dinamización e impulsar a participación da Comunidade Educativa. Potenciar o coñecemento e posta en valor do noso patrimonio cultural, material e inmaterial, e, de forma especial, o da área e contexto do centro. Colaborar con outras entidades e institucións para darlle pulo ao noso idioma.
O.3 Fomentar a posta en valor do ensino público en canto garantía dunha igualdade efectiva de oportunidades, con atención á diversidade do alumnado dentro dun modelo de escola inclusiva.	M.3 Concienciar dos valores do ensino público e da súa función social, democrática e científica. Atender á diversidade do alumnado e aplicar, na medida das posibilidades reais, as medidas axeitadas en función das necesidades educativas: reforzos, seguimento do alumnado repetidor, pendentes, adaptacións



	<p>curriculares, Programas de Mellora da Aprendizaxe, opcionalidade...</p> <p>Colaboración entre titorías, xefatura de estudos e departamento de orientación na organización destas medidas.</p>
<p>O.4 Mellorar a convivencia entre os membros da comunidade educativa.</p>	<p>M.4 Desenvolver liñas de actuación para o coñecemento e a aplicación do Plan de convivencia, adaptándoo á realidade actual e normativa. Impulsar a prevención e a mediación como proceso de resolución pacífica e dialogada de conflitos.</p>
<p>O.5 Funcionar en igualdade entre xéneros e na non discriminación de persoas.</p>	<p>M.5 Combater estrutural e integralmente os discursos e prácticas da desigualdade entre sexos. Atender nas programacións a igualdade e darlle relevo na práctica docente á contribución da muller ao longo da historia nos distintos ámbitos do saber. Rexeitar pedagóxicamente ideas, hábitos, pautas, prácticas que reproduzan situacións ou esquemas que naturalicen estereotipos de xénero e prexuízos sexistas. Educar no respecto polas distintas opcións afectivas. Participar nas campañas a prol da igualdade de xénero (nas liñas das Escolas da Rede UNESCO, co Comando formado polo noso alumnado e participando no Contrato Programa Iguala-T ).</p>
<p>O.6 Mellorar o coidado das instalacións, recursos e equipamentos do centro, así como avanzar na concienciación do seu valor.</p>	<p>M.6 Traballar no mantemento e mellora das instalacións interiores e exteriores, impulsando asemade dinámicas de coidado polos espazos verdes, na perspectiva do aprezo á propiedade e servizo públicos. Levar a cabo actuacións sobre os espazos afectados polos lumes de fai dous cursos (monte, resto de zonas verdes, etc.)</p>
<p>O.7 Deseñar a defensa do medio natural e activar liñas de concienciación.</p>	<p>M.7 Continuar promovendo iniciativas de aforro enerxético. Fomentar liñas de traballo que atendan á concienciación e práctica ambiental (elaboración de materiais, recollida selectiva, reciclaxe, compostaxe, limpeza dos espazos). Coñecer o patrimonio natural do contorno. Rexenerar o monte e traballar didácticamente.</p>
<p>O.8 Intensificar o recoñecemento e respecto da diversidade lingüística e cultural.</p>	<p>M.8 Impulsar a interculturalidade como elemento enriquecedor e positivo da sociedade. Concienciar sobre a importancia do coñecemento de linguas (inglés, francés, portugués) e, de xeito</p>



	particular, apreciar e favorecer as relacións con Portugal (históricas, sociais, económicas).
O.9 Favorecer a coordinación das actividades extraescolares e complementarias como potencial educativo de relevo.	M.9 Racionalizar e coordinar desde unha perspectiva didáctico-pedagóxica estas actividades, evitando ao alumnado discriminacións por motivos económicos. Favorecer a colaboración entre departamentos, centros, administracións.
O.10 Promover as relacións con outros centros e entidades do contorno.	M.10 Favorecer iniciativas que dean impulso á relación con outros centros educativos, asociacións, entidades con finalidade educativa. Potenciar encontros (este ano virtuais) e colaborar en actividades. Apoiar e participar en proxectos de interese para a comunidade educativa
O.11 Contribuír á autonomía e responsabilidade do alumnado.	M.11 Responsabilizar o alumnado na elaboración responsable dos calendarios de exames. Desenvolver prácticas que fomenten a asunción cabal de tarefas, como ser partícipe no coidado dos distintos recursos e espazos do centro, ou xestionar con madurez accións e situacións. Fomentar e valorar estas actitudes.
O.12 Impulsar a participación das familias na vida escolar.	M.12 Potenciar a comunicación cos pais, nais ou titoría do alumnado: xuntanzas, información, colaboración. Avanzar no uso das novas tecnoloxías en relación coas familias (AbalarMóbil, videoconferencias,...). Impulsar a ANPA, para desenvolver o seu cometido e apoiar nas actividades. Cooperar, cando sexa preciso, cos Servizos Sociais dos concellos.
O.13 Activar a participación do alumnado na vida do centro.	M.13 Potenciar o papel das delegadas e delegados como representantes do alumnado e implícalo na organización de actividades. Intensificar a súa participación nos distintos ámbitos e estruturas: EDLG, Consello Escolar, en sintonía tamén coa súa responsabilidade.
O.14 Dinamizar a biblioteca e os proxectos relacionados con ela.	M.14 Desenvolver actividades de uso da biblioteca (consulta, lectura). Divulgar a súa importancia e fondos para a vida escolar. Mellorar a páxina web, catalogación,



	<p>recursos. Aplicar o plan de mellora. Desenvolver liñas de fomento de lectura. Club de lectura. Elaborar a actualización do Plan de Lectura e o Proxecto Lector. Continuar con actividades e procesos de potenciación da biblioteca.</p>
<p>O.15 Fomentar as TICS entre a comunidade educativa e mellorar o mantemento informático do centro.</p>	<p>M.15 Mellorar a situación a nivel informático. Optimizar a páxina web do centro con información actualizada de interese para a comunidade educativa. Mellorar os equipos informáticos e a rede. Avanzar no uso de medios audiovisuais. Participar en actividades de formación.</p>
<p>O.16 Mellorar a relación entre departamentos didácticos e o traballo interdisciplinar.</p>	<p>M.16 Fomentar a participación entre departamentos co fin de coordinar e unificar (a través da CCP) metodoloxías, contidos, nomenclaturas comúns, etc. apoiando a interdisciplinariedade e a transversalidade. Facer análise de grupos a través de reunións do equipo docente e xefatura de estudos e propoñer estratexias acaídas para a resolución de problemas. Valorar resultados académicos e trasladar conclusións á CCP e ao Claustro.</p>
<p>O. 17 Educar en hábitos saudables, seguranza viaria, educación afectivo-sexual.</p>	<p>M.17 Concienciar a través de charlas, obradoiros ou outras iniciativas sobre estes aspectos.</p>
<p>O.18 Seguir actualizando a documentación do centro.</p>	<p>M.18 Avanzar na adaptación dos documentos do centro á lexislación vixente e elaborar as revisións necesarias de cara á actualización dos mesmos. Este curso temos moita documentación extra debida á pandemia do Covid-19 (Plan de orientación, Plan de continxencia, etc.)</p>
<p>O.19 Favorecer dinámicas de participación de toda a comunidade educativa</p>	<p>M.19 Organizar actos, exposicións, xornadas... que fomenten a participación e implicación de toda a comunidade escolar, dentro das limitacións físicas deste curso.</p>



## RECURSOS

O centro conta cos seguintes recursos que permiten achegarnos a consecución dos obxectivos propostos:

### 1) Humanos

- Persoal docente: 42 profesores/as a tempo completo e un profesor de Relixión compartido co IES Pedra da Auga de Pontearreas. Un dos docentes foi concedido este ano a maiores para desdobre en Bacharelato e manter así as distancias nas aulas). Agardamos tamén a chegada do profesor de ARCO, concedido para reforzo de matemáticas en 1º ESO e 4º ESO.
- Persoal non docente: unha auxiliar administrativa, dúas subalternas e tres persoas de limpeza (unha das persoas de limpeza foi solicitada e asignada polas necesidades especiais deste curso)

### 2) Materiais

Instalacións das que dispón o centro:

- O edificio antigo, que dá nome ao centro, o Pazo da Mercé.
- Un edificio novo.
- Un pavillón deportivo e un edificio que alberga os vestiarios e a casa do conserxe (actualmente en desuso por non reunir condicións de habitabilidade, pero solicitada á Unidade Técnica a súa habitabilidade para dispor de máis espazo, preciso para o vindeiro curso).

Nos edificios, ademais das aulas de grupo, inclúense:

- Tres laboratorios (física, química e bioloxía e xeoloxía).
- Seis aulas de informática (unha delas destinada exclusivamente á ESO e o resto destinadas a FP Básica (2), Ciclo medio(2) e Ciclo superior(1)).
- Unha aula de música.
- Unha aula de educación plástica.
- Unha aula de tecnoloxía.
- sala de usos múltiples
- Biblioteca.
- Departamentos.
- Sala de profesorado.
- Cafetaría.



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Ramal 3, Tortoreos  
36449 - AS NEVES  
Tif: 886 110 110  
ies.pazo.merce@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce>



Organización  
das Nacións Unidas  
para a Educación,  
a Ciencia e a Cultura



Membro de  
Escuelas  
Asociadas  
a UNESCO



UNIÓN EUROPEA

Este ano estamos destinando moitos destes espazos a impartir aulas, debido ás necesidades especiais do curso.

### 3) Económicos

Orzamento do centro. Contamos coa colaboración do concello das Neves puntualmente en tarefas de mantemento e na realización de actividades, así como na cesión do Auditorio Municipal.

Os Servizos Sociais dos Concellos de Arbo e As Neves colaboran habitualmente no seguimento do alumnado incluído nos seus programas coa dirección do instituto e co departamento de Orientación.

Para as actividades ligadas á biblioteca cóntase cunha profesora responsable que é a coordinadora da mesma con horas fixas de dedicación semanal, e con profesorado de garda nos recreos. Participamos no PLAMBE.

Para a atención a diversidade, apoio ao proceso de ensino e aprendizaxe, apoio á acción tutorial e a orientación académica e profesional, cóntase cun departamento de Orientación, cunha orientadora con xornada completa, e unha profesora de pedagogía terapéutica. Neste curso contamos con reforzos educativos para o alumnado exento de 2ª lingua estranxeira en 1º ESO e 2º ESO, así como PMAR en 2º e 3ª ESO.

No Equipo de Dinamización da Lingua Galega empeza este ano como coordinador o profesor de Lingua e Literatura Galega Fernando Groba Bouza.

Este curso 2020-2021 continuamos coa internacionalización da FP Básica e Ciclo Medio de Sistemas Microinformáticos e Redes (en relación co módulo de Formación en Centros de Traballo dentro do programa de mobilidade ERASMUS+), máis non sabemos que vai a pasar cando cheguen as datas de incorporación (marzo) de este alumnado a ditos programas debido á pandemia.





## HORARIO XERAL DO CENTRO.

### Horario xeral do centro

No que se refire ás datas de comezo e final de curso, así como vacacións e días non lectivos, cúmprese seguindo as directrices de calendario escolar da Consellería de Educación para o curso 2020-2020 e as modificacións xurdidas a principio de curso.

O **horario de apertura** é o seguinte:

- Mañás: de 8.45 h a 15.30 h.
- Tardes: luns e mércores de 16.15 h a 19.00 h.

O **horario lectivo** é:

#### ESO e FPB:

- Luns e venres de 9.00 h a 15.20 h, sete períodos lectivos e dous períodos de lecer de 15 minutos cada un/día.
- De martes a xoves de 9.00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos.
- Non temos clases pola tarde.

#### BACHARELATO:

- Luns e venres de 9.00 h a 15.20 h, sete períodos lectivos e dous períodos de lecer de 15 minutos cada un/día.
- De martes a xoves de 9.00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos.
- Non temos clases pola tarde.

#### CICLOS FORMATIVOS (Medio e Superior):

- Luns e venres de 9.00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e dous períodos de lecer de 15 minutos cada un/día.
- De martes a xoves de 9,00 h a 14.30 h, seis períodos lectivos e un período de lecer de 30 minutos.
- Luns e mércores de 16.20 h a 18.50 h, tres períodos lectivos.




**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



Ramal 3, Tortoreos  
36449 - AS NEVES  
Tlf: 886 110 110  
ies.pazo.merce@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce>



Organización  
das Nacións Unidas  
para a Educación,  
a Ciencia e a Cultura



Membro de  
Escolas  
Asociadas  
á UNESCO



UNIÓN EUROPEA

## Horario de verán

O centro permanecerá aberto:

- Mes de xullo de 9.30 a 13.30
- Mes de agosto de 10.00 a 12.00

## Horas e condicións de dispoñibilidade de uso das instalacións polo alumnado

Este ano non aceptamos solicitudes para uso das instalacións do centro por parte de entidades externas.

## Días non lectivos do centro

As datas propostas como días non lectivos do centro, seguindo a Orde de 2020 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2020/21, nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia, e aprobadas polo Consello Escolar son:

- 08/01/2021
- 14/05/2021



## SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

### TRANSPORTE ESCOLAR

Nestes momentos as rotas de transporte escolar que temos son 6, as cales se detallan a continuación con cadansúas paradas.

#### Rota 1: BATALLÁNS 99PO0272-21PO0770


**Paradas:** Rubiós Couto

Rubiós Igrexa  
Rubiós Casteliño  
Rubiós Escabadas  
Rubiós Lomba  
Taboexa Cruce  
Taboexa Miraxendo  
Taboexa Rata  
Taboexa Regueiro  
Taboexa Carrasqueira  
S. Pedro Igrexa  
S. Pedro Arriba  
S. Pedro Cividáns  
S. Pedro Abaixo  
Batalláns  
Porteiro  
Lentille

#### Rota 2: VIDE 99PO0273

**Paradas:** Lamelas

Ponte Vide  
Cruce Vide  
Piñeiro  
San Cibrán



### Ruta 3: TORTOREOS 99PO0274

#### Paradas: Chan

Liñares  
Redondelo  
Paredes  
Estación  
Porqueira  
Rozas  
Sela

### Ruta 4: CERDEIRA 99PO0275

#### Paradas: Eira da Liñaza

Xastre Pedrouzón  
Grupo escolar  
Tendeiro  
Tuia  
Santa Marta  
Outeiro  
Runial  
Estrema  
Marquiño  
Cerdeira

### Rota 5: TAXI A PARADA DE CABEIRAS DA ROTA DE ARBO 99PO0016

### Ruta 6: ARBO 99PO0725

#### Paradas: Barcela

Cabeiras  
A Rocha



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



IES PAZO DA MERCÉ

Ramal 3, Tortoreos  
36449 - AS NEVES  
Tlf: 886 110 110  
ies.pazo.merce@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce>



Organización  
das Nacións Unidas  
para a Educación,  
a Ciencia e a Cultura



Membro de  
Escolas  
Associadas  
à UNESCO



UNIÓN EUROPEA

Tenda da Rocha  
Arbo  
Cuartel Garda Civil

**Modalidade C: LIÑA REGULAR AS  
NEVES-PONTEAREAS**

Tódolos cursos fanse as solicitudes de autorización para que o alumnado de ensino post-obrigatorio (Ciclos, FP básica e Bacharelato) e de fóra da área de influencia utilice o transporte escolar naquelas rutas nas que haxa prazas libres, non supoñendo un incremento de custo nin paradas.

Estamos solicitando tamén a modificación de dúas paradas para dar servizo ás familias que o precisan.

## COMEDOR ESCOLAR

Este ano non ofertamos comedor escolar.



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE CULTURA,  
EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE



IES PAZO DA MERCÉ

Ramal 3, Tortoreos  
36449 - AS NEVES  
Tlf: 886 110 110  
ies.pazo.merce@edu.xunta.es  
<http://www.edu.xunta.gal/centros/iespazomerce>



Organización  
das Nacións Unidas  
para a Educación,  
a Ciencia e a Cultura



Membro de  
Escolas  
Asociadas  
a UNESCO



UNIÓN EUROPEA

## CAPÍTULO II. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DO CENTRO

Atópase pechado con data 06/11/2020 e pendente de asinar para entregar en inspección, pode ser consultado en calquera momento no despacho de administración ou de dirección.



## CAPÍTULO III.

### PLAN ANUAL DE LECTURA

Anexo I

## PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

### PROPOSTAS DE ACTIVIDADES PARA O CURSO 2020-2021

ACTIVIDADE	DEP.	ALUMNADO	DATAS
Plan Director Bulling	ORIENTACIÓN	1º ESO	2º TRIMESTRE
Plan Director "Novas Tecnoloxías"	ORIENTACIÓN	2º ESO	2º TRIMESTRE
Centro QUÉROTE "Educación afetivo-sexual"	ORIENTACIÓN	3º ESO	2º TRIMESTRE
Charlas SOBRE Orientación académica-profesional	ORIENTACIÓN	ESO, BACH, FP	2º TRIMESTRE
Charlas / conferencias de entidades educativas sobre temáticas diversas.	ORIENTACIÓN	ESO, BACH, FP	2º/3º TRIMESTRE
Obradoiro de rap a cargo de "Son da Rúa"	MÚSICA / EDNL	Alumnado de música	2º TRIMESTRE
Interpretación de cantos con Motivo do Día contra a violencia de xénero	MÚSICA	*Todo o alumnado	25 novembro
Cantos nos tempos de Nadal	MÚSICA	Todo o alumnado	Nadal
Cantos para o tempo de Rosalía	MÚSICA	Todo o alumnado	Febreiro
Interpretación de cantos referidos ao Día da Muller Traballadora	MÚSICA	Todo o alumnado	Marzo
Presentación e entrega como agasallo da gravación polo Coro Xuvenil CANTEMUS da Marcha Cantada do Pazo	MÚSICA	Todo o alumnado	Semana das Letras Galegas
Obradoiro de percusión con refugallo a cargo de Didier Díaz Madan	MÚSICA	Alumnado de música	Fin de Curso
Pograma desplastífficate	UNESCO	Todas as titorías	Ao longo do curso
Saídas pola contorna relacionadas cos ODS	UNESCO	Todos os cursos	Ao longo do curso
Colaboración con a Xunta directiva nas actividades realizadas co gallo de celebracións e conmemoracións	UNESCO	Todos os cursos	Ao longo do curso
Celbración do Día do Medio Ambiente	UNESCO	1º e 2º ESO	Xuño
Actos	UNESCO/ Vicedirección/ BIBLIOTECA		25 de novembro



Día da Paz: homenaxe a Rosa Parks.	UNESCO	Todo o alumnado	30 xaneiro
Visibilizar o traballo da muller	UNESCO	Todo o alumnado	8 marzo
Saída para celebrar o Día da árbore e da Poesía	UNESCO	ESO	21 marzo
Concurso Outono fotográfico	FRANCÉS /BIBLIOTECA	ESO / BAC	1º Trimestre
Visionado de algunha película online	FRANCÉS	3º, 4º e BAC de Francés	Ao longo do curso
Charla relacionada con algún tema francófono	FRANCÉS	Todo o alumnado francés	Ao longo do curso
Celebración da semana da Francofonía	FRANCÉS	Alumnado de francés	Marzo
Colaboración coas actividades propostas pola Xunta directiva e a Biblioteca	FRANCÉS	Todo o alumnado	Ao longo do curso
Ciclo de <a href="#">narrador@s</a> orais I: • Contada de Celso Fernández Sanmartín	LINGUA GALEGA LITERATURA/ EDL / LINGUA CASTELÁ	1º ESO ou 2º ESO	28 de outubro (SAMAÍN)
Ciclo de <a href="#">narrador@s</a> II: • Obradoiro de narración oral	LINGUA E GALEGA / EDL	2º ESO ou 1º ESO (depende aforo)	Primeiro trimestre
Ciclo Rosalía de Castro (diversas conferencias de especialistas arredor da obra de Rosalía de Castro)	LINGUA E LIT. GALEGA / EDL / VICEDIRECCIÓN	1º BAC / 3º ESO	2º trimestre
Charlas de escritores/ -as	LINGUA E LIT. GALEGA	ESO	2º e 3º trimestre
<a href="#">Director@s</a> de escena e dramaturg@s	LINGUA E LITERATURA GALEGA	4º ESO e BAC	3º trimestre
Conferencia sobre Carvalho Calero	LINGUA E LITERATURA GALEGA / EDL	4º ESO e / ou BAC	Maio
Actividades de conmemoración das Letras Galegas	LINGUA E LIT. GALEGA	Todo o alumnado	Maio
Actividades de conmemoración do Día Mundial do Libro	LINGUA E LITERATURA CASTELÁ	Todo o alumnado	23 febreiro
Día mundial da poesía	LINGUA E LITERATURA CASTELÁ/GALEGO BIBLIOTECA	Todo o alumnado /	21 marzo
Dramatización de Poe	LINGUA E LITERATURA CASTELÁ	Todo o alumnado	abril
Día das Letras Galegas "Dramatización poética"	LINGUA E LITERATURA CASTELÁ	Todo o alumnado	maio
Día da Biblioteca	BIBLIOTECA	Todo o alumnado	24 outubro
Samaín: Concurso relatos de terror.	BIBLIOTECA	Todo o alumnado	novembro
Mes da ciencia	BIBLIOTECA	Todo o alumnado	novembro
Nadal	BIBLIOTECA	Todo o alumnado	decembro
Día da Paz	BIBLIOTECA / UNESCO	Todo o alumnado	xaneiro
Día de Rosalía	BIBLIOTECA	Todo o alumnado	febreiro
Día da Poesía	BIBLIOTECA	Todo o alumnado	marzo
Día das Letras Galegas	BIBLIOTECA	Todo o alumnado	maio





Concurso: deseño da mascota da Biblioteca.	PLÁSTICA / BIBLIOTECA	Todo o alumnado	Todo o curso
Proxecto de igualdade	PLÁSTICA/ VICEDIRECCIÓN	3º ESO	novembro
Saída a distintos lugares de interese xeográfico, histórico ou artístico do Condado – Paradanta.	XEOGRAFÍA E HISTORIA	1º, 2º, 3º, e 4º ESO 1ºe 2º BACH	Datas sen determinar
Colaboración nas actividades impulsadas por outros departamentos didácticos nas que se poidan incluír obxectivos, contidos e adquisición de competencias que formen parte dos currículos das materias impartidas polo noso departamento	XEOGRAFÍA E HISTORIA	ESO e BAC	Sen determinar
Mulleres emprendedoras	ECONOMÍA	4º ESO	1º trimestre
Actuación de Son da Rúa	EDL	3º /4º ESO /FPB	2º trimestre
Versos de area	EDL	3º / 4º ESO /FPB	2º trimestre
Charla Afonso Pexegueiro	EDL	1º /2º BACH	2º trimestre
Obradoiros de teatro	EDL / GALEGO	ESO /BACH	3º trimestre
Taller contra a violencia de xénero	VICEDIRECCIÓN	4º ESO	1º trimestre
Charlas igualdade e diversidade	VICEDIRECCIÓN	ESO / BAC / FPB	1º /2º / 3º trimestre
Datas sinaladas: <ul style="list-style-type: none"> <li>Día da Memoria Trans</li> <li>Día Internacional contra a violencia de xénero</li> <li>Día Internacional da Muller</li> <li>Día da Visibilidadelésbica.</li> <li>Día Internacional contra a Homofobia, a Transfobia e a bifobia.</li> </ul>	VICEDIRECCIÓN/ UNESCO / BIBLIOTECA	Todo o alumnado	20 novembro 25 novembro 8 marzo 26 abril 17 maio
I Campionato de Atletismo “Pazo da Mercé” (concurso de velocidade)	EDUCACIÓN FÍSICA	1º, 2º, 3º, 4º ESO 1º BAC	Entre o 18 de xaneiro e o 26 de febreiro
II Campionato de Escalada Deportiva “Pazo da Mercé”	EDUCACIÓN FÍSICA	4º ESO e 1º BAC	Entre o 1 de marzo e o 26 de marzo
Concurso literario “Microrrelatos deportivos”	EDUCACIÓN FÍSICA	3º, 4º ESO e 1º BAC	Entre o 6 abril e o 30 abril
Actividade de Kayak polo río Miño (*en función da evolución da pandemia)	EDUCACIÓN FÍSICA	1º, 2º, 3º ESO	Semana 7 xuño
Actividade de surf (*en función da evolución da pandemia)	EDUCACIÓN FÍSICA	4º, 1º BAC	Semana do 7 de xuño
Camiño de Santiago (*en función da evolución da pandemia)	EDUCACIÓN FÍSICA	1º BAC	Semana do 14 de xuño
Intercentros (*en función da evolución da pandemia)	EDUCACIÓN FÍSICA	Por determinar datas participantes	Á espera da evolución pandemia

\* Cando nos referimos a que acudirá “todo o alumnado” dependerá dos aforos máximos establecidos por protocolos.



PROPOSTAS POR TRIMESTRES		
1º TRIMESTRE	2º TRIMESTRE	3º TRIMESTRE
14	26	16

\*Non están computadas as propostas que non teñen determinada a data.

## ORGANIZACIÓN, FUNCIONAMENTO E HORARIO DA BIBLIOTECA

A persoa encargada da Coordinación da Biblioteca é a profesora de Lingua castelá e literatura, Montserrat Santos Barroso, a cal conta con cinco horas fixas de dedicación semanal á Biblioteca.

Este curso debido á pandemia, soamente conta co apoio de dúas profesoras máis durante os recreos pertencentes ós departamentos de Inglés e BeX.

O IES Pazo da Mercé segue a participar no programa PLAMBE, o cal nos foi concedido para o curso 2020/2021.

## PROGRAMA DO EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA

### OBXECTIVOS PARA O CURSO 2020-2021

- 1.- Convencer o alumnado de 1º do ESO, que non adoita usar o galego oralmente e que vai estar -como mínimo- 4 anos no centro, para que mellore a súa competencia e incorpore a lingua propia á súa vida habitual.
- 2.- Buscar e propor, liñas de actuación conxuntas coa dirección do centro e a comunidade educativa, mantendo algunha xuntanza para perfilar actividades e analizar as novas propostas que vaian xurdindo.
- 3.- Realizar unha análise actualizada da realidade lingüística do alumnado e do profesorado do centro e propiciar actividades colaborativas que leven ao uso e fomento do galego para convertelo na lingua maioritaria da comunidade educativa.
- 4.- Buscar referentes para o equipo: logotipo identificador, lemas, datas relevantes...
- 5.- Fomentar a participación e colaboración do alumnado, incluíndo ao non galegofalante. Organización de algunha actividade conxuntamente con outro Centro.
- 6.- Implicar os diferentes departamentos nas actividades do equipo e participar nas súas.



7.- Difundir o uso do galego a toda a comunidade escolar. Asesoramento lingüístico á Asociación de Nais e Pais do alumnado, se o demandar. Ligazóns de interese no web do centro.

8.- Divulgar o uso do galego nas empresas da zona. Asesoramento lingüístico, se for demandado.

9- Participar en campañas reivindicativas esixindo o respecto e recoñecemento debido ao galego.

10- Manter as normas do protocolo anti-covid19 en todas as reunións e actividades realizadas.

## CADRO RESUMO DO PLANO DE ACTIVIDADES

1.- ACTIVIDADES			
ACTIVIDADE	TRIMESTRE	RESPONSABLES	DESTINATARIAS/OS
Programa de acollida	1º	Orientador/a, titores/as, xefe/a de estudos e EDLG	Alumnado procedente doutras comunidades
Programa de acollida para alumnado de 1º ESO	1º	Orientador/a, titores/as, xefe/a de estudos e EDLG	Alumnado procedente de 6º de primaria
Subscripción do centro á plataforma audiovisual <a href="https://fiestra.gal/">https://fiestra.gal/</a>	1º (a subscripción dura 1 ano)	Profesorado do EDLG	Alumnado e profesorado de todo o centro
Contacontos con Celso Fernández Sanmartín	1º	Profesorado do EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado de 2º ESO
Charla sobre consellos de como se debe ler prensa con Guillermo Rodríguez Fernández (fundador e director do xornal A Peneira)	1º	Profesorado do EDLG	Alumnado de 4º ESO
Obradoiro de contacontos con Ana Fervenza	1º	Profesorado do EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado de 3º ESO
Concurso de memes en galego para celebrar o mes de Castelao	2º	Profesorado do EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado de 3º e 4º ESO
Conferencia-recital sobre Rosalía de Castro Anxo Angueira (presidente da Fundación Rosalía de Castro)	con 2º	Profesorado do EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado de 1º e 2º de Bacharelato
Recital poético co colectivo Versos de Area de Pontareas	2º	Profesorado EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado de 3º ESO
Charla sobre Rosalía de Castro coa escritora Eli Ríos	2º	Profesorado EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado de 1º ESO
Obradoiro de rap co grupo Sondarúa	2º	Profesorado EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado de 4º ESO
Participación coas actividades organizadas polo profesorado de portugués para o 25 de abril	3º	Profesorado EDLG e departamento de portugués	Alumnado e profesorado en xeral



Celebración do Mes das Letras Galegas	3º	Profesorado EDLG e departamento de galego	Alumnado e profesorado en xeral
Obradoiro de escrita dramática	3º	Profesorado EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado
Encontro con Roi Vidal, autor de <i>O asesinato de Zinaida Reich</i>	3º	Profesorado EDLG, vicedirección, departamentos de galego e castelán	Alumnado de 1º Bacharelato
Comunicación e coordinación con outros EDLG de centros próximos	Durante todo o curso	Persoas responsables dos EDLG	Alumnado dos centros da zona
En colaboración co profesorado encargado do sitio web do centro, mantemento actualizado da información referente ao EDLG do centro.	Durante todo o curso	Profesorado do EDLG	Comunidade escolar en xeral
Difusión as disposicións legais vixentes máis importantes	Durante todo o curso	Profesorado do EDLG	Comunidade escolar en xeral
Participación en campañas que reivindicuen o uso do galego	Durante todo o curso	Profesorado do EDLG	Comunidade escolar en xeral

O coordinador do proxecto comprométese a desenvolver as actividades programadas no caso de obter financiamento preciso e colaboración e ou interese suficiente. Solicitaremos a subvención da Consellería como todos os anos. Neste curso, dispoñemos dun orzamento inicial limitadísimo de 600 euros.

A comezos de curso, farase unha convocatoria aberta a toda a comunidade escolar para constituír e recoller na acta os membros do EDLG.

Todas estas actividades están pensadas para seren efectuadas mentres o curso continúe de forma presencial. En caso de haber confinamento, o programa ficará suspendido e só se intentarán realizar aquelas accións que non impliquen unha presenza necesaria en persoa.

O coordinador solicita do profesorado toda a colaboración posible en novas ideas, suxestións e iniciativas diversas. Máis concretamente, neste curso volvemos precisar de alguén que queira actualizar e levar o blog do EDLG do sitio web do centro. Se houber algún/nha voluntario/a, benvido/a sería. Grazas.

As Neves, 25 de outubro de 2019

Coordinador do EDLG

Visto e prace da directora

Fernando Groba Bouza

Mª Dolores Galván Bretaña